



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

**TEST DO PRIMEIRO EXERCICIO DO EXAME PARA “UNHA PRAZA DE TÉCNICO EN ORIENTACIÓN LABORAL”
CON CARÁCTER TEMPORAL ADSCRITO AO DEPARTAMENTO PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO E
DESENVOLVEMENTO RURAL**

CÓDIGO ASPIRANTE/OPOSITOR:

1) O artigo 85 da Constitución de 1978, indica que as disposicións do Goberno que conteñan lexislación delegada recibirán o título de:

- a) Decretos-leis.
- b) Decretos lexislativos.
- c) Leis orgánicas.

2) Conforme dispón o Artigo 13.1 da Ley 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo de Galicia, o Valedor do pobo, de oficio ou a instancia de parte, poderá iniciar e proseguir calquera investigación sobre:

- a) Os actos e resolucións da Administración pública da Comunidade Autónoma e dos seus organismos e entidades, da Administración local, incluídos os seus organismos autónomos, así como as empresas e entes públicos ou participados que dela dependan e da Administración Xeral do Estado en Galicia e dos seu axentes.
- b) Os actos e resolucións da Administración local, incluídos os seus organismos autónomos, así como as empresas e entes públicos ou participados que dela dependan, no ámbito das competencias que corresponden á Comunidade Autónoma, de conformidade co Estatuto de Autonomía e a lexislación vixente.
- c) Os actos e resolucións da Administración local, incluídos os seus organismos autónomos, así como as empresas e entes públicos ou participados que dela dependan, de conformidade co Estatuto de Autonomía e a lexislación vixente.

3) O Estatuto de Autonomía de Galicia estrutúrase en:

- a) Nun título preliminar, cinco títulos, sete disposicións adicionais, catro disposicións transitorias e unha disposición final.
- b) Nun título preliminar, catro títulos, cinco disposicións adicionais, sete disposicións transitorias e unha disposición final.
- c) Nun título preliminar, cinco títulos, catro disposicións adicionais e sete disposicións transitorias.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

4) A quen corresponde a función de velar porque se apliquen os Tratados e as medidas adoptadas polas Institucións en virtude destes ?

- a) Ao Consello Europeo
- b) Á Comisión Europea
- c) Ao Parlamento Europeo

5) As competencias das entidades locais atribuídas por delegación, segundo o artigo 7 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local:

- α) Exércense nos termos da delegación, que pode prever técnicas de dirección e control de oportunidade que, en todo caso, deberán respectar a potestade de autoorganización dos servizos da entidade local.
- β) Exércense nos termos da delegación, sen que poidan articularse técnicas de dirección e control de oportunidade por parte da entidade delegante.
- χ) Exércense nos termos da delegación, sen que poidan preverse técnicas de dirección e control de oportunidade xa que se ha de respectar a potestade de autoorganización dos servizos da entidade local.

6) Segundo o disposto no artigo 63 do Regulamento orgánico municipal do Concello de Abegondo, a comisión de Coordinación Municipal...

- a)** Estará presidida pola presidenta ou presidente da corporación e integrada polos/as concelleiros/as que ostenten en cada momento responsabilidades de goberno municipal; a periodicidade das súas reunións será mensual ou cando as circunstancias o requiran.
- b)** Estará presidida pola presidenta ou presidente da corporación e integrada de forma que a súa composición se acomode á proporcionalidade existente entre os distintos grupos políticos representados na corporación; a periodicidade das súas reunións será mensual ou cando as circunstancias o requiran.
- c)** Estará presidida pola presidenta ou presidente da corporación e integrada polos/as concelleiros/as que ostenten en cada momento responsabilidades de goberno municipal; a periodicidade das súas reunións será quincenal ou cando as circunstancias o requiran.

7) O artigo 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio, ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen:

- a) Cinco días hábiles desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido..
- b) Cinco días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.
- c) Dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

8) Entre os límites da revisión dos actos administrativos atópase:

- a) A súa ilegalidade manifesta.
- b) Que atente a dereitos subxectivos.
- c) A prescrición da acción.

9) O capítulo III do orzamento de ingresos dun concello recolle as previsións de:

- a) Impostos indirectos.
- b) Transferencias correntes.
- c) Taxas e outros ingresos.

10) Segundo o artigo 163 da Lei 2/2015 de emprego público de Galicia, están lexitimados para convocar unha reunión, ademais das organizacións sindicais, directamente ou a través dos delegados sindicais:

- a) Os empregados públicos das administracións públicas respectivas en número non inferior ao trinta por cento do colectivo convocado.
- b) Os empregados públicos das administracións públicas respectivas en número non inferior ao corenta por cento do colectivo convocado.
- c) Os empregados públicos das administracións públicas respectivas en número non inferior ao cincuenta por cento do colectivo convocado.

11) Na Orde do 17 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020, indicase que as variables fundamentais sobre as que terá que actuar este profesional, con carácter xeral, nos procesos de orientación laboral coas persoas demandantes de emprego son:

- a) Dispoñibilidade, Motivación, Empregabilidade
- b) Empregabilidade, Formación, Experiencia
- c) Dispoñibilidade, Ocupabilidade, Empregabilidade

12) Unha persoa demandante de emprego rexistrada en Emprego Galicia, pode utilizar a Oficina Virtual pero no caso en que a demanda de emprego esté en situación de baixa administrativa , para cambiar a unha situación de alta, a través da Oficina Virtual ten que darse esta situación:

- a) Que a causa da baixa sexa por colocacion (comunicada con ou se oferta previa, alta no réxime especial de traballadores autónomos, por chamamento fixo discontinuo) ou por manifestar a colocación.
- b) Que a demanda leve 180 días ou menos en situación administrativa de baixa
- c) Ambas as dúas



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

13) A identificación de alternativas profesionais a partir da análise motivada polas oportunidades de emprego, pertence a:

- a) Elaboración dun perfil ocupacional
- b) Entrevista e diagnóstico individualizado
- c) Itinerario personalizado

14) No ámbito laboral falamos de competencias profesionais para definir a un conxunto de coñecementos, capacidades, destrezas ou comportamentos laborais, que se executan nas actividades laborais, pero se facemos referencia ás competencias de comunicación e disposición á aprendizaxe, estamos falando de exemplos de:

- a) Competencias de base
- b) Competencias transversais
- c) Competencias técnicas

15) A convocatoria para 2020, publicada na Orde do 20 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no medio rural (APROL-rural) facilita as contratacións de persoas demandantes de emprego durante:

- a) 6 meses a xornada completa
- b) 9 meses a xornada completa
- c) 12 meses a xornada completa

16) As actividades do servizo de orientación laboral que presten as entidades beneficiarias de subvención sao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria, deberán axustarse ao establecido no artigo 8 do Real decreto 7/2015, do 16 de xaneiro, polo que se aproba a carteira de servizos do Sistema Nacional de Emprego, incluíndo actividades de:

Deseño de itinerarios personalizados para o emprego, asesoramento e axuda técnica para a definición de currículo e aplicación das técnicas de busca activa de emprego, información e asesoramento sobre a situación do mercado de traballo, oferta formativa, intermediación laboral e prospección empresarial.

Deseño de itinerarios personalizados para o emprego, diagnóstico individualizado, acompañamento personalizado, aplicación das técnicas de busca activa de emprego, información e asesoramento sobre a situación do mercado de traballo, oferta formativa, intermediación laboral e prospección empresarial.

Deseño de itinerarios personalizados para o emprego, apoio á xestión da mobilidade laboral, asesoramento e axuda técnica para a definición de currículo e aplicación das técnicas de busca activa de emprego.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

17) A través de qué instrumentos se facilita a mellora da ocupabilidade e inserción laboral ás persoas demandantes de emprego, durante un periodo de 12 meses, en colaboración coas entidades locais ou con entidades sen ánimo de lucro?

- a) Programas de emprego para as persoas mozas incluídas no Fichero do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil
- b) Programas de cooperación e obradoiros duais de emprego
- c) Programas integrados de emprego

18) O informe do paro mensual por Concellos e Comarcas de Galicia para o mes de setembro de 2020 que publica a Consellería de Economía, Emprego e Industria, presenta un número de persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego para os concellos de Abegondo e Bergondo respectivamente de:

- a) Abegondo 248 e Bergondo 372
- b) Abegondo 252 e Bergondo 366
- c) Abegondo 269 e Bergondo 332

19) Sinale cal destes requisitos de cualificación é suficiente para acceder a un certificado de profesionalidade de nivel 3:

- a) Certificado de profesionalidade de nivel 2 da mesma familia profesional
- b) Ter o certificado de apto nas competencias necesarias para acceder aos certificados de nivel 3 da cualificación correspondente, a través da superación das probas de avaliación en competencias clave convocadas pola Consellería competente en materia de emprego.
- c) As dúas anteriores son correctas

20) No catálogo de ocupacións de difícil cobertura do 2º trimestre de 2020 na provincia da Coruña, o número de ofertas de emprego máis difíciles de ocupar está relacionado co:

- a) sector do deporte profesional e oficios artesanais
- b) sector das telecomunicacións e informática
- c) sector do transporte marítimo e do deporte



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

21) O Sistema Nacional de Garantía Xuvenil, para conseguir que as persoas mozas poidan acceder ao mercado de traballo facilita unha serie de convocatorias de axudas:

- a) Programas mixtos de formación e emprego (obradoiros), formación e prácticas non laborais en empresa, contratos para a formación e aprendizaxe, e axudas ao autoemprego
- b) Programas mixtos de formación e emprego (obradoiros), programa Galeuropa, prácticas en empresa FCT, e axudas ao autoemprego
- c) Programas mixtos de formación e emprego (obradoiros), subvencións do programa Coopera, programa Galeuropa, e axudas ao autoemprego

22) As empresas que formalicen contratos de traballo en prácticas con traballadores con discapacidade terán dereito a unha redución, durante a vixencia do contrato:

- a) Do 75% da cuota empresarial á Seguridade Social correspondente a continxencias comuns
- b) Do 50% da cuota empresarial á Seguridade Social correspondente a continxencias comuns
- c) Do 100% da cuota empresarial á Seguridade Social correspondente a continxencias comuns

23) A persoa desempregada e inscrita como demandante de emprego, que sexa menor de 65 anos, non dispoña de ingresos mensuais propios superiores ao 75% do SMI, teña cónxuge e/ou fillos menores de 26 anos ou maiores con discapacidade, ou menores en acollida, e non fora unha persoa beneficiaria desta axuda nos 365 días anteriores naturais á data da solicitude de admisión, agás no caso de vítimas de violencia de xénero e persoas con discapacidade, poderá acceder a:

- a) Subsidio por desemprego
- b) Renta activa de inserción
- c) Subsidio extraordinario por desemprego

24) Conforme se dispón no artigo 15 da Orde do 27 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2020, no caso de que as entidades promotoras soliciten subvención para incentivos á contratación deberán publicar unha convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea das persoas participantes dos obradoiros duais de emprego, dirixido a empresas para ocupacións do ámbito da formación impartida polos obradoiros duais de emprego. A contratación laboral terá:

- a) Unha duración dun mínimo de 3 meses a xornada completa e deberá comezar con carácter xeral nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego.
- b) Unha duración dun mínimo de 6 meses a xornada completa e deberá comezar con carácter xeral nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego.
- c) Unha duración dun mínimo de 6 meses a xornada completa ou a xornada parcial e deberá comezar con carácter xeral nos quince días seguintes á finalización do obradoiro dual de emprego.



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

25) Tal e como establece o artigo 5 do Real Decreto Lexislativo 3/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Emprego, son instrumentos da política de emprego os seguintes:

- a) Estrategia Española de Activación para o Emprego
- b) O Sistema de Información dos Servizos Públicos de Emprego,
- c) A coordinación entre as políticas activas e a protección económica fronte ao desemprego.

26) A distribución do fondo de financiamento para a Reactivación económica e social da provincia da Coruña (PEL-REACTIVA) nos concellos de Abegondo e Bergondo, respectivamente, sinala un total de microempresas e persoas autónomas rexistradas de:

- a) Abegondo 359 e Bergondo 816
- b) Abegondo 378 e Bergondo 822
- c) Abegondo 355 e Bergondo 809

27) A lexislación establece que os contratos de traballo celebrados por escrito deben contemplar os seguintes elementos:

- a) Datos da empresa e traballador, tipo de contrato que se celebra, data na que se iniciará a relación laboral e duración, obxecto do contrato e función (categoría profesional) que vai desempeñar o traballador na empresa, centro de traballo e xornada, periodo de proba, duración das vacacións, remuneración, convenio colectivo aplicable, sinatura por ambas partes.
- b) Datos da empresa e traballador, tipo de contrato que se celebra, data na que se iniciará a relación laboral e duración, obxecto do contrato e funcións (categoría profesional) que vai desempeñar o traballador na empresa, centro de traballo e xornada, duración das vacacións, remuneración, sinatura por ambas partes.
- c) Datos da empresa e traballador, tipo de contrato que se celebra, data na que se iniciará e rematará a relación laboral e duración, obxecto do contrato e funcións (categoría profesional) que vai desempeñar o traballador na empresa, xornada, duración das vacacións, remuneración, convenio colectivo aplicable, sinatura por ambas partes.

28) As tres redes sociais profesionais máis empregadas na actualidade para potenciar a marca persoal ou promocionar unha organización son LinkedIn, Xing e Viadeo. Aquela na que a conta que é gratuita e que permite facer a busca de profesionais e empresas sen límites e saber qué usuarios visitaron o noso perfil é:

- a) LinkedIn
- b) Xing
- c) Viadeo



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [<https://sede.abegondo.es>] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.



CONCELLO
D E
ABEGONDO
(A CORUÑA)

San Marcos, 1, Abegondo
15318 Abegondo
A Coruña
Tfno.: 981 647 909 Fax 981 673 050

web: www.abegondo.gal
sede electrónica: sede.abegondo.es
endereço electrónico: correo@abegondo.es

29) O emprendedor posúe 3 características implícitas:

- a) Creatividade, Visión e Motivación
- b) Visión, Misión e Valores
- c) Creatividade, Liderato e Motivación

30) No caso de que unha muller desempregada menor de 30 anos, que se dé de alta no réxime de autónomos para poñer en marcha unha actividade co centro de traballo nun concello rural, cáil é a subvención que con carácter xeral lle corresponde si se acolle á convocatoria de subvencións do Programa de promoción do emprego autónomo da Xunta de Galicia para o ano 2020 ?

- a) 5000 €
- b) 6000 €
- c) 8000 €



Este documento está asinado dixitalmente. Pode comprobar a súa integridade na sede electrónica do Concello de Abegondo [[https://sede.abegondo.es](http://sede.abegondo.es)] mediante o código de verificación (CVD) que se amosa na banda lateral. Artigo 27 da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e artigo 42 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público.